

Aclaración ante os rumores sobre o peche da Escola Universitaria de Enfermaría

Lugo, 13/2/2026

Ante as informacións e rumores difundidos recentemente en distintos espazos sobre un suposto peche da nosa Escola, a Dirección considera necesario realizar a seguinte aclaración pública.

A Escola Universitaria de Enfermaría **continúa a funcionar con total normalidade e mantén aberto o proceso de matrícula** para os vindeiros cursos académicos, conforme ao calendario habitual.

Do mesmo xeito, queremos subliñar que **non existe ningunha resolución oficial — administrativa, institucional nin académica—** que determine o peche desta institución. A información que circulou **carece de fundamento** e non responde a ningunha comunicación emitida por esta Dirección.

Lamentamos que estes comentarios estean a xerar incerteza entre o futuro estudantado e as súas familias, así como interferencias no proceso de inscrición. Por iso, convidamos á comunidade a informarse **exclusivamente a través das nosas canles oficiais**.

Reafirmamos o noso compromiso coa formación de profesionais de enfermaría, coa calidade académica e coa continuidade e estabilidade do noso proxecto educativo.

Agradecemos a confianza depositada na nosa institución e quedamos a súa disposición para atender calquera consulta a través dos medios oficiais de contacto.

Dirección

Escola Universitaria de Enfermaría